

**7026** *REAL DECRETO 393/2006, do 31 de marzo, polo que se prorroga para o ano 2006 o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego, regulado polo Real decreto 205/2005, do 25 de febreiro. («BOE» 94, do 20-4-2006.)*

O punto 4 da disposición derradeira quinta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, habilita o Goberno a regular, dentro da acción protectora por desemprego, o establecemento dunha axuda específica denominada renda activa de inserción.

Polo Real decreto 205/2005, do 25 de febreiro, regulouse para o ano 2005 o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego, e a disposición derradeira segunda do devandito real decreto permite que ese programa se poida prorrogar por disposición expresa do Goberno, após consulta a interlocutores sociais.

Por iso, considerando esa previsión normativa, así como a finalidade, o contido e os resultados alcanzados co programa, considérase conveniente prorrogar a súa vixencia para o ano 2006, vinculada ao orzamento para o devandito ano.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de marzo de 2006,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Prórroga para o ano 2006 do programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego, regulado polo Real decreto 205/2005, do 25 de febreiro.*

Queda prorrogada para o ano 2006 a vixencia do programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego, regulado polo Real decreto 205/2005, do 25 de febreiro. As referencias ao ano 2005 contidas no devandito real decreto entenderanse feitas ao ano 2006.

Disposición adicional única. *Traballadores admitidos a programas anteriores.*

Poderán ser admitidos ao programa que se establece neste real decreto os traballadores que cumpran os requisitos exixidos no Real decreto 205/2005, do 25 de febreiro, así como as dúas condicións seguintes:

- a) Non ter sido beneficiarios do programa de renda activa de inserción establecido para o ano 2005, salvo que se incorporasen a aquel por acreditaren un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento, ou a condición de vítima de violencia de xénero.
- b) Non ter sido beneficiarios de tres programas anteriores de renda activa de inserción.

Disposición derradeira primeira. *Vixencia.*

1. Os traballadores só poderán ser admitidos ao programa regulado neste real decreto e obter, de ser o caso, o recoñecemento da renda activa de inserción após solici-

tude, que poderán presentar desde a data da súa entrada en vigor ata o 31 de decembro de 2006.

2. O programa regulado polo real decreto producirá efectos ata o 31 de decembro de 2006, sen prexuízo de que as accións e percepcións derivadas deste se poidan realizar, concluír ou percibir con posterioridade a esa data.

Disposición derradeira segunda. *Prórroga.*

O programa regulado polo Real decreto 205/2005, do 25 de febreiro, cuxa vixencia se prorroga por este real decreto, poderá ser obxecto de nova prórroga por disposición expresa do Goberno, após consulta a interlocutores sociais.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**7027** *REAL DECRETO 394/2006, do 31 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 2/2002, do 11 de xaneiro, polo que se regula a aplicación da iniciativa comunitaria «Leader Plus» e os programas de desenvolvemento endóxeno de grupos de acción local, incluídos nos programas operativos integrados e nos programas de desenvolvemento rural (PRODER). («BOE» 94, do 20-4-2006.)*

A evolución na execución, tanto da iniciativa comunitaria «Leader Plus» coma do programa PRODER, puxo de manifesto a necesidade de adaptar a súa regulación, no que se refire ao procedemento de transferencias dos fondos do FEOGA-Orientación e ao límite, en relación coas dotacións públicas postas á súa disposición, que os grupos de acción local, que xestionan o programa PRODER con capacidade resolutoria plena, poidan destinar a gastos de funcionamento, en igualdade de condicións co que, para este fin, destinan os grupos de acción local que xestionan a iniciativa.

Por outra parte, en aplicación do disposto nos artigos 7.7 e 31.2 do Regulamento (CE) n.º 1260/1999 do Consello, do 21 de xuño de 1999, polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais, a Comisión ditou novas decisións modificativas daquelas que, no seu momento, aprobaron os programas da iniciativa comunitaria nas cales, nuns casos, se incorpora a indexación de